



O proxecto *Innova Narón*, impulsado polo Concello, gañador do *Premio Son Dixital*

Narón, 24 de novembro de 2017. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) concedeu ao proxecto *Innova Narón* o primeiro premio do certame *Son Dixital*. Trátase dunha iniciativa impulsada desde a Concellería de Novas Tecnoloxías de Narón, dirixida pola edil Natalia Hermida, a través da Aula Cemit e na que participaron usuarias e usuarios da Asociación Nuestra Señora de Chamorro, os “verdadeiros protagonistas desta iniciativa”. A maiores do recoñecemento, tal e como se indicou desde a administración autonómica, os gañadores recibirán un dispositivo tecnolóxico de agasallo.

O pasado mes de xuño a concelleira de Novas Tecnoloxías presentaba na Asociación Nuestra Señora de Chamorro o proxecto *Innova Narón*, que resultou seleccionado pola Amtega entre os presentados polas 96 Aulas Cemit de Galicia. Con cargo a esta iniciativa, tal e como recordou Hermida, “apóstase por poñer en valor produtos do campo e tamén artesanais realizados por usuarios da citada asociación en varios obradoiros, valéndose das Tecnoloxías da Información e da Comunicación a través dun blog, redes sociais e canles de venda para comercializar eses produtos online”. A edil naronesa destacou a implicación do Concello de Narón con este proxecto, co que se traballa pola integración dixital das persoas poñendo os medios necesarios para acadalo, como é o caso, asumindo por un lado o soporte e aloxamento para a plataforma durante a duración do proxecto e 130 horas de formación dos participantes nesta iniciativa.

A concelleira de Novas Tecnoloxías subliñou “a calidade do traballo realizado, que culminou coa creación dunha páxina web -www.innovanaron.com- na que comercializan os diferentes produtos e na que se ofrece cumprida información sobre esta iniciativa e sobre as actividades da Asociación nos seus



obradoiros, contada polos propios usuarios e usuarias a través da plataforma *Innova Narón*, actualizando os contidos e xestionando de primeira man os produtos que comercializan”, subliñou Hermida.

A candidatura presentouse ao Premio Son Dixital en formato vídeo, tal e como solicitaban as bases do concurso. A edil naronesa mostrouse “moi satisfeita pola ilusión, o compromiso e o esforzo dos participantes no proxecto, e destacou a implicación e a boa acollida que tivo este dende o seu inicio por parte da xerencia e a presidencia da Asociación Nuestra Señora de Chamorro”.